



Estimadas familias, co obxecto de poder mellorar a linguaxe das vosas fillas e fillos, imos recomendarvos algunhas actividades para poder facer nestas datas tan especiais como é o Nadal.

Que cousas podemos facer para facilitar a linguaxe e mellorar as expresións infantís?



Verbalizar todas as cousas que facemos e que fan as nosas maravillosas fillas e fillos, e implicalos nas nosas tarefas, aproveitando os eventos gastronómicos familiares, por exemplo: "Estou a poñer os pratos encima da mesa", "Ti podes axudarme a contar e colocar os cubertos que precisamos". Debemos evitar expresións como: "pon isto alí" por "pon estes cubertos no caixón", "tráeme iso" por "tráeme os panos que deixei na mesa", "coloca as cousas" por "coloca os xoguetes", etc...



Na escola gústalles moito participar dos **xogos relacionados coas casas**, disfrutan aprendendo novo vocabulario, ou simplemente para que serven as cousas que temos nas casas. Antigamente se participaba dos quefaceres cotiás, hoxe por motivos diversos perdemos este xeito de aprender "espontaneamente" na contorna familiar.



É moi importante falar, **dicirlles como nos sentimos** aínda que nos poida parecer que son moi pequenas e pequenos, aprenden a empatizar e comprender situacións regulando a súa conduta.



Pedir que nomeen as cousas e tentar que non utilicen soamente o xesto ("queres a auga?". Pídema ben... A-U-GA. Aproveitar as situacións cotiás para estimular a linguaxe: o momento do baño (as partes do corpo, as sensacións frío.calor), tarefas domésticas (momento lavadora, nome das prendas, as cores), no supermercado (a lista da compra).



Por último, **cantar, bailar e participar dos encontros familiares**. Ensinádelle algunha canción, panxoliña ou xogos que lembredes da vosa infancia.



E xa para rematar desexarvos un próspero Aninovo, cargado de moita enerxía e ilusión. Esperámosvos cos brazos abertos, e con moitas ganas de aprender polo que é importante descansar e disfrutar destas merecidas festas.

